

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de marzo de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día un de marzo de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(171).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 11 de xaneiro, extraordinaria e extraordinaria e urxente do 19 de xaneiro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 26 de xaneiro e extraordinaria e urxente do 27 de xaneiro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(172).- MODIFICACIÓN DAS OBRAS A REALIZAR POLO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO-ORNAMENTAL” RESPECTO DA REHABILITACIÓN DA ANTIGA ESCOLA MESTRES GOLDAR PARA CREACIÓN DUNHA ESCOLA INTANTIL MUNICIPAL. EXPTE. 6764/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 18.02.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto modificado e das obras a realizar polo Obradoiro de Emprego “Vigo-Ornamental” na rúa Mestres Goldar, que se achega no expediente.

2º.- Anular as obras aprobadas de dito obradoiro situadas na rúa Baixada a Ríos, xa que debido ao aumento de obra preciso para o cumprimento da modificación solicitada, as mesmas cumpren cos requisitos dos itinerarios profesionais indicados na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto Escola infantil de primeira etapa (0-3 anos) mediante a dotación nos orzamentos municipais 2010, das correspondentes partidas para o cofinanciamento de dito proxecto.

4º.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de modificación do proxecto diante da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

3(173).- PROXECTO CONSTRUTIVO DE REFORMA DA AVDA. DE EUROPA ENTRE A AVDA. SAMIL E A RÚA SAN PAIO A REALIZAR POLO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO-ORNAMENTAL”. EXPTE. 6767/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 18.02.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

O proxecto de Obradorio de Emprego Vigo Ornamental iniciou a súa actividade o 29 de outubro de 2009 con 30 alumnos-traballadores e unha duración de 12 meses e nas especialidades de albanería, carpintería metálica e fontanería solar térmica, según concesión de resolución de subención da Consellería de Traballo de 20/04/2009 e o abeiro da Orde do 30 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiros e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e donde se autoriza como obxectos de actuación para a súa execución no desenvolvemento do proxecto a reforma da Avda. de Europa entre a Avda. Samil e a rúa San Paoio, pola súa marxe sur.

A aprobación do proxecto construtivo, permitirá a remodelación da actual beirarrúa da marxe sur, na actualidade practicamente de terra en outra de características máis adecuadas ao uso que se lle está a dar na actualidade.

As obras a desenvolver consisten principalmente en:

- Pavimentación da acera on agloerado asfáltico coloreado, xa que é o material máis adecuado cara a ter un aspecto menos urbán que as zonas de edificación consolidadas.*
- Construción e beirarrúa fronte aos números 27 e 31.*
- Instalación de alumeado público nesta marxe.*
- Plantación de arbolado.*
- Completar a rede semafórica existente.*
- Resposición de acometidas de abastecimento e dotación de bocas de rego.*
- Soterramento dos tendidos aereos lonxitudinais.*
- Establecemento de res zonas de lecer, con pavimento diferenciado do resto da beirarrúa.*

O proxecto construtivo conta co informe favorable do Director adxunto dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

Aprobar o proxecto construtivo de reforma da Avda. de Europa entre a Avda. Samil e a rúa San Paoio pola súa marxe sur, a realizar polo Obradoiro de Emprego “Vigo-Ornamental”, que se achega no expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(174).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 2355/02.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa, do 16.02.10, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. María Alén Martínez. Expte. 2355/02

5(175).- REVISIÓN DO IPC DE MARZO 2008-MARZO 2009 CO CONTRATO DO PROGRAMA DE DEPORTE PARA MAIORES. EXPTE. 50017/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 8.02.10, conformado polo xefe de Área de Acción Social, a concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Facenda, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Modificar e regularizar na partida 3130.2260801 –actividades de maiores-, o importe do contrato do programa de deporte para maiores, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de data 6 de marzo de 2006 a nome de PABLO CASAL NÚÑEZ, DNI.36081498, e que para o período revisado queda fixado en 39.623.84 euros por efecto da variación do IPC nacional no período marzo/2008-marzo/2009 (-0.1%).

6(176).- INTEGRACIÓN DO FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO ARE MORE, CREADO E ORGANIZADO POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA, NA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE FESTIVALS DE MÚSICA CLÁSICA “FESTCLASICA”. EXPTE. 12052/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión da programación, do 15.02.10, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a pertenza do Concello de Vigo e o seu Festival de Música de Vigo Are More á Asociación de Festivais de Música Clásica “Festclásica”.

2º.- Nomear provisionalmente a Marta Núñez Aboy, con NIF 36138380K, funcionaria do departamento de Cultura, como representante do Concello de Vigo na citada asociación.

3º.- Facultar ao concelleiro con competencias delegadas na Área de Cultura para nomear a representantes en caso de substitución da citada funcionaria.

4º.- Aprobar un gasto en concepto de cota anual para o ano 2010 de 1.000,00 €, con cargo á partida 4510.226.08.04 “cotas anuais”.

7(177).- REQUISITOS DE PAGAMENTO POR ACTUACIÓNS DA EMPRESA ESTRUCTURAS DAPALBO SLU, COMO SUBCONTRATISTA DA OBRA PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 9354/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a dilixencia de conformidade do letrado da Asesoría Xurídica, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.02.10, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

D. Roberto Cid, en nome e representación da entidade mercantil Estructuras Dabalpo, S.L.U. remitiu a este Concello de Vigo escritos dirixidos de forma reiterada dende o pasado 29 de outubro de 2009, ó alcalde de Vigo, así como á totalidade dos concelleiros e concelleiras do goberno municipal, nos cales require o pagamento dunha cantidade económica, en base a unha suposta débeda vinculada á execución de traballos como empresa subcontratada por TECONSA, en relación a execución da obra do Pavillón Polideportivo de Navia.

En relación a ditos escritos cómpre sinalar que:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 18 de marzo de 2009, acordou a adxudicación definitiva o contrato para as obras de construción do Pavillón polideportivo de Navia a favor de la empresa “Tecnología de la Construcción S.A. (TECONSA), por un importe de 4.218.792,23 €.

O Xuzgado do Mercantil número 3 de Madrid, en cumprimento do disposto no artigo 23 da Lei Concursal, con data 13 de outubro de 2009, anuncia que o procedemento número 466/2009, por auto de 29/09/09 se ha declarado en concurso necesario ordinario o deudor Tecnología de la Construcción, Sociedad Anónima, No mesmo anuncio publicado no BOE con data 13 de outubro, indicase que os acredores do concursado (TECONSA), deben poñer en coñecemento da administración concursal a existencia de sus créditos na forma e con datos expresados no artigo 85 da Lei Concursal. O prazo para dita comunicación foi establecido nun mes desde a última publicación dos anuncios no BOE.

O Concello de Vigo aprobou a resolución e liquidación do contrato coa empresa TECONSA en relación a obra “Pavillón Polideportivo de Navia” por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de novembro de 2009.

Estructuras Dabalpo, S.L.U. remitiu a este Concello de Vigo escritos dirixidos de forma reiterada dende o pasado 23 de outubro de 2009, ó alcalde de Vigo, así como á totalidade dos concelleiros e concelleiras do goberno municipal, nos cales require o pagamento dunha cantidade económica, en base a unha suposta débeda vinculada á execución de traballos como empresa subcontratada por TECONSA, en relación a execución da obra do Pavillón Polideportivo de Navia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Sen máis dilación cómpre sinalar que conforme ó artigo 32.3. da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante LRXAP-PAC) e toda vez que D. Roberto Cid está formulando unha solicitude en nome e representación da mercantil Estructuras Dabalpo, S.L.U. tería que acreditar a súa representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna o que non consta no presente caso.

Tamén, nos referidos escritos invócase un dereito ó pagamento dunha cantidade económica por unha suposta débeda vinculada á execución de traballos como empresa subcontratada por TECONSA, en relación á execución da obra do Pavillón Polideportivo de Navia. Non obstante, a peticionaria non achega ningún documento xustificativo da subcontratación, nin dos traballos concretos executados, nin das facturas pendentes de pagamento pola empresa TECONSA e, no caso que nos ocupa, a carga da proba corresponde a quen pide.

Non obstante ó anterior, conforme ó establecido na LRXAP-PAC, procedería outorgar un prazo dez días para a subsanación ou xustificación do antes citado o cal, no presente caso, por economía administrativa non se realiza ó existir evidentes motivos de fondo para inadmitir as pretensións da actora que de seguido se indican.

A peticionaria solicita o pagamento da suposta débeda con invocación da acción directa establecida no artigo 1597 do Código Civil e, no presente caso, existe unha norma especial de preferente aplicación cal é a Lei 22/03, de 9 de xullo, concursal derivada do Auto de 29/09/09 do

Xulgado do Mercantil número 3 de Madrid que declarou en concurso necesario ordinario ó deudor Tecnología de la Construcción, S.A. (BOE núm. 247 do 13/10/09) que produce os efectos establecidos na citada Lei (artigo 21) quedando incluídos obrigatoriamente os créditos e débedas na masa activa ou pasiva do concurso baixo a administración concursal e, no seu caso, do Xulgado do Mercantil, debendo a peticionaria comunicar á Administración concursal a existencia do seu dereito de crédito conforme establece o artigo 85 da citada Lei.

Pero, é máis, a Xunta de Goberno Local en data do 13/11/2009 aprobou a resolución e liquidación do contrato coa empresa TECONSA en relación á obra “Pavillón Polideportivo de Navia”, sen que teñamos ningunha débeda pendente coa referida mercantil.

En conclusión, é un principio do ordenamento xurídico que a norma especial ten prevalente aplicación fronte á norma común polo que, trasladado ó presente caso, a norma especial cal é a Lei concursal e en atención o procedemento concursal que se segue respecto da empresa TECONSA impide o exercicio da acción directa establecido no artigo 1597 do Código Civil, polos que as peticións deben ser inadmitidas.

É competente, para resolver as peticións formuladas a Xunta de Goberno Local de conformidade co establecido no artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada das bases de réxime local a que se lle propón a adopción do seguinte ACORDO

INADMITIR a D. Roberto Cid quen manifesta actuar en nome e representación da entidade mercantil Estructuras Dabalpo, S.L.U., os escritos presentados no Rexistro do Concello en datas do 29 de outubro 2009, 30 de decembro de 2009, 12 de xaneiro 2010, 19 de xaneiro de 2010, 2 de febreiro de 2010, 09 de febreiro de 2010, DOCS. 90754858, 90188394, 100006768, 100010124, 100019334, 100022452, nos que de forma reiterada require o pagamento dunha cantidade económica, en base a unha suposta débeda vinculada á execución de traballos como empresa subcontratada por TECONSA, en relación á execución da obra do Pavillón Polideportivo de Navia, polos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva deste acordo, habida conta que a existencia de procedemento concursal respecto da dita empresa, TECONSA, impide o exercizo da acción sinalada no artigo 1597 do Código Civil.

RECURSOS

Contra o presente acordo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dicta esta resolución no prazo de un mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo.

Non obstante, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta por transcurso do prazo máximo dun mes para dictar e notifica-la resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(178).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO COLEXIO JAVIER SENSAT PARA REALIZAR A “II CARREIRA EN FAMILIA” O 24 DE ABRIL DE 2010. EXPTE. 9324/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.02.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Asociación de pais e nais do colexio Javier Sensat, a levar a cabo o evento deportivo denominado “II CARREIRA EN FAMILIA” o vindeiro sábado 24 de abril, dita carreira percorrerá pola avda. Atlántida, rúa Castaña e rúa Castañal comenzando ás 12.00horas e rematando ás 13.00 horas.

9(179).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3 PARA ORGANIZAR O XI TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE O DÍA 21 DE ABRIL DE 2010. EXPTE. 9323/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.02.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Asociación Deportiva RP3 a organizar os vindeiros días 19, 20 e 21 de marzo de 2010, o XI TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE, as probas comezan o venres día 19 e rematan o domingo día 21 ás 14.30 horas coa entrega de trofeos, dita proba desenvolverase nos Montes de Coruxo.

10(180).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO SERVIZO DE DEPORTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA ORGANIZAR A CARREIRA “10 KM CIDADE UNIVERSITARIA” O DÍA 21 DE MARZO DE 2010. EXPTE. 9308/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.02.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Servizo de Deportes da Universidade de Vigo, a organizar o vindeiro domingo 21 de marzo de 2010, a carreira 10 Km Cidade Universitaria, e que percorrerá pola estrada de circunvalación do Campus Universitario Lagoas – Marcosende, tramo da estrada de acceso ao Campus dende a Autovía A-52 situado entre a estrada a Cidade Deportiva do Circulo Mercantil e a rotonda que marca o inicio da circunvalación ao propio Campus Universitario, dita proba comenzará ás 12.00 horas e rematará ás 13.30 horas

11(181).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB TRIATLÓN MAR DE VIGO PARA REALIZAR O “DUATLÓN ESCOLAR EN CANDEÁN” O DÍA 21 DE MARZO DE 2010. EXPTE. 9327/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.02.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Lorena García Lago, en nome do Club Triatlón Mar de Vigo, a levar cabo o evento deportivo denominado “DUATLÓN ESCOLAR EN CANDEÁN” o vindeiro domingo 21 de marzo de 2010, dito evento comenará ás 11.00 horas e rematará ás 14.30 horas, a proba terá lugar no parque forestal do Vixiador ”

12(182).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO ANPA DO CEIP DE COUTADA BEADE PARA REALIZAR O “XXIV CROSS ESCOLAR COUTADA BEADE” O DÍA 14 DE MARZO DE 2010. EXPTE. 9316/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.02.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar A.N.P.A. do C.E.I.P. De Coutada Beade a organizar o vindeiro domingo 14 de marzo de 2010, o XXIV Cross Escolar Coutada Beade, dito Cross comenará ás 10.00 horas, e rematará ás 13.30 horas, percorrendo varios camiños da parroquia, a saída e a chegada será no colexio público.

13(183).- NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2010-2011. EXPTE. 11447/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2010/2011, conforme co texto que se inclúe no expediente.

2º.- Facultar á concelleira delegada de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2010-2011, de acordo co calendario previsto nas Normas citadas.

NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2010-2011

PRIMEIRA.- Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas nas Escolas Infantís Municipais 0-3 (EIM) dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2010/2011 e establecer a convocatoria e calendario de solicitude.

SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

- 1. Que o neno/a teña a súa residencia en Vigo e teña nacido no momento de presentar a solicitude*
- 2. Idade do neno/a*
Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso
Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2010
- 3. Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.*

TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas

As prazas adxudicaránse por esta orde:

A) Reserva de praza

Co obxecto de dar continuidade ás prazas adxudicadas no curso 2009/2010, gozan de preferencia as reservas de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2009/2010 sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e soliciten a reserva na mesma quenda.

B) Novo ingreso

Poderase solicitar praza en calquera das EIM de Vigo. Os solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As prazas adxudicaránse por esta orde:

- 1. Os/as fillos/as do persoal que preste servizo na Escola Infantil Municipal na que solicitan praza e sexan nai, pai, titora ou titor legal.*
- 2. Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza renovada na EIM para o que solicitan praza*
- 3. As prazas que queden vacantes adxudicaranse ós/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo I destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.*

C) Solicitudes fóra de prazo

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, de xeito extraordinario o período de solicitudes permanecerá aberto a partir do mes de setembro no caso de existiren prazas vacantes e non existir lista de reserva para a quenda solicitada.

Con carácter excepcional e si o Servizo de Educación o considera oportuno, poderase establecer un prazo de solicitudes no mes de setembro únicamente para os casos no que o/a neno/a nacesse con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes establecidos nestas Normas.

CUARTA.- Horario e calendario das EIM

1. HORARIO

As EIM dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 20.00 h, dende o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.

Dentro deste horario de funcionamento, fíxase un horario de permanencia das cativas e cativos na escola:

- ◆ Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.
- ◆ En casos extraordinarios o horario ampliarase ou reducirase, trala valoración técnica das circunstancias das e dos menores.

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polos seguintes quendas tendo en conta as horas máximas e mínimas permitidas:

QUENDA	Mañán	Tarde
HORARIO	07:30 a 16:00 h.	16:00 a 20:00 h.

Para posibilitar a boa marcha das escolas:

- ◆ A entrada pola mañá realizarase entre as 07.30 e as 09.00 horas.
- ◆ A entrada pola tarde será as 16.00 horas.
- ◆ A saída do centro será entre as 15'30 e as 16'00 h.
- ◆ A quenda de mañán inclúe o servizo de comedor e a quenda de tarde o servizo de merenda

2. CALENDARIO

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral, así como o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

O curso escolar comezará o día 6 de setembro de 2010.

As/os usuarias/os poderán asistir ao centro un máximo de 11 meses dentro do período de setembro de 2010 a 31 de xullo de 2011.

QUINTA.-Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, servizo de comedor e de orientación.

SEXTA.- Prezos

1. Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación infantil (Ordenanza nº 23 ano 2010), coas exencións e bonificacións nela contidas. Estas son, para o ano 2010 as seguintes:

Renda per cápita mensual	Matricula	Mensualidade
Ata 290,58 €	Exento	Exento
Ata 453,91 € familias numerosas	Exento	Exento

Entre 290,00 e 320,00€	24,8	24,8
Entre 320,01 e 391,00€	40,6	40,6
Entre 391,01 e 461,00€	74,4	74,4
Entre 461,01 e 534,00€	99,2	99,2
Maior de 534,00 €	124	124

Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido e diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional.

Cando exista modificación da situación laboral dalgún dos pais ou titores respecto á existente do ano 2009, se xustificarán os ingresos actuais dos membros da unidade familiar coa última nómina ou documento que acredite os ingresos da nova situación.

As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.

2. *A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:*
 - a) *Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.*
 - b) *Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes no que se lle concede a praza*

SÉTIMA.- Renda per capita mensual

1. *Para os efectos desta Norma, entenderase por renda per capita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.*
Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais e fillas/os menores de dezoito anos ou fillas/os maiores de dezoito anos con minusvalidez superior ao 33%. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per capita a que se refire o parágrafo anterior incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
2. *Para os efectos desta Norma, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas.*
Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obtense como resultado de aplicarlles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

OITAVA.- Solicitudes e documentación

A) SOLICITUDES

As/os interesadas/os poderán solicitar unha praza a través dos modelos normalizados que serán entregados no Servizo Municipal de Educación e nas Escolas Infantís Municipais e poderán tamén descargarse da páxina web municipal.

1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados, e se atope ó día no pago das cotas, manterá o seu dereito á praza para o curso 2010-2011 na quenda no que estivera matriculado no curso 2009-2010.

O prazo de renovación e entrega de documentación establécese do 15 de marzo ao 15 de abril de 2010

2.- Solicitudes de novo ingreso

Os impresos de solicitude de novo ingreso facilitaranse nas propias escolas ou no Servizo de Educación do Concello de Vigo.

As solicitudes xunto coa documentación requirida presentaranse no Servizo de Educación ou na Escola Infantil Municipal na que solicita praza en primeira opción.

O prazo de presentación de solicitudes establécese do 15 de marzo ao 15 de abril de 2010.

3.- Listas provisionais

Unha vez realizada a baremación farase pública a relación provisional de admisións e lista de espera, coa puntuación obtida.

Estas listas expóranse no taboleiro de anuncios das escolas infantís o día 24 de maio de 2010 e na web municipal.

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas, no prazo de dez días desde a data de publicación da lista de admisións provisional.

4.- Listas definitivas

Unha vez comprobadas as posibles reclamacións, éstas consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas que quedarán expostas nos taboleiros de anuncios das escolas e na web municipal a partir do día 24 de xuño de 2010.

5.- Formalización de matrícula

a) Renovación alumnado do curso 2009-2010

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o 1 ao 15 de xullo de 2010. Para confirmar a praza deberán obrigatoriamente formalizar o pago de matrícula establecida no prazo que se indica, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

b) Novo alumnado

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o 1 ao 15 de xullo de 2010. Durante este prazo as familias das nenas/nenos admitidos formalizarán a reserva de praza, na EIM onde obtivesen a praza, mediante o pago da matrícula correspondente, caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

1.- Alumnado procedente do curso 2009-2010:

Presentará xunto coa solicitude de renovación a fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade Familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

Calquera outra documentación que acredite cambios na situación familiar anterior

2.- Alumnado de novo ingreso:

As solicitudes de novo ingreso terán que presentarse acompañadas da documentación seguinte:

- a) Unha fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.*
- b) Unha fotocopia cotexada do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.*
- c) Xustificación de ingresos:*

Fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

Naqueles casos, en que por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental será preciso un informe dos servizos sociais.
- d) OUTROS DOCUMENTOS, só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:*
 - As responsabilidades familiares.*
 - O certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez da nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.*
 - As enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.*
 - A xustificación de ocupación actualizada (últimas nóminas, certificación de empresa, vida laboral).*
 - A certificación de ser demandante de emprego (con efectos desde o día anterior ao comezo do prazo de presentación de solicitudes), da nai, pai, titora ou titor legal.*
 - A condición de familia monoparental, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez (acreditada mediante fotocopia compulsada do libro de familia e certificado de convivencia con efectos desde o día anterior ao comezo do prazo de presentación de solicitudes).*
 - A ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais.*
 - O título de familia numerosa*

NOVENA.- Tramitación

O Servizo de Educación do Concello de Vigo, comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requerirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición.

O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que coiden precisos para a máis eficaz realización do seu cometido

DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes

- 1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no ANEXO I desta Norma, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.*
- 2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:*

Presidencia: o xefe do servizo de Educación

Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e dous funcionarios/as do servizo municipal de Educación, un/ha deles actuando de secretario/a, nomeados pola concelleira delegada de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

- 3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección á concelleira de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.*

A relación provisoria de admitidas/os e lista de agarda, coa puntuación obtida, poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como nas páxinas web municipal e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.

UNDÉCIMA.- Reclamacións

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisoria.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

DUODÉCIMA.- Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza.

- 1. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, a Concelleira delegada de Educación aprobará a relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte.
*Esta relación poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como nas páxinas web municipal e nas respectivas Escolas Infantís Municipais.**
- 2. As/os solicitantes admitidas/os disporán desde o 1 ao 15 de xullo de 2010, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o recibo de pagamento da matrícula. Presentarán asemade nese momento certificado médico oficial. Para os ingresos fóra do prazo os 10 días naturais contarase desde o día seguinte ao da notificación da resolución da concesión da praza*
- 3. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza . Se non se realiza a matrícula da/o nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude*
- 4. Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas*

DÉCIMO TERCEIRA.- Lista de agarda

1. *A lista de agarda será única e estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das Escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.*
2. *As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en lista de agarda.*
3. *No caso de adxudicarse a vacante nalgunha das Escolas solicitadas, e o beneficiario renuncia a ocupala, pasará automaticamente ao posto derradeiro da lista de espera.*

DÉCIMO CUARTA.- Baixas

1. *Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:*
 - a) *Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.*
 - b) *Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.*
 - c) *Polo non pagamento do prezo establecido durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda. Sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido.*
 - d) *Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.*
 - e) *Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.*
 - f) *Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada.*
 - g) *Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.*
2. *As baixas motivadas polo establecido nas liñas e), f) e g), resolveraa a Concelleira delegada de Educación unha vez escoitada a dirección do centro en que estea a/o nena/o matriculada/o e tras informe técnico do Servizo de Educación municipal. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución Concelleira delegada de Educación.*
3. *As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos cubriranas as/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación.*

DÉCIMO QUINTA.- Regulamento xeral

Estas normas serán de aplicación ao curso 2010-2011. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e ao Regulamento xeral da Rede de Escolas Infantís Municipais que, se é o caso, aprobe o Concello de Vigo.

ANEXO I

*NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM)
PARA O CURSO 2010/2011*

BAREMO

<i>BAREMO DE APLICACIÓN</i>	<i>PUNTOS</i>
<i>SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente)</i>	
<i>Inferior ao 25% do IPREM</i>	<i>4</i>

<i>Entre o 25% e o 50% do IPREM</i>	3
<i>Entre o 50% e o 75% do IPREM</i>	2
<i>Entre o 75% e o 100% do IPREM</i>	1
<i>Entre o 100% e o 125% do IPREM</i>	-1
<i>Entre o 125% e o 150% do IPREM</i>	-2
<i>Superior ó 150% e inferior ao 200% do IPREM</i>	-3
<i>Igual ou superior ao 200% do IPREM</i>	-4
SITUACIÓN LABORAL	
<i>Situación laboral de ocupación:</i> <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros.</i>	3 3
<i>Situación laboral de desemprego:</i> <ul style="list-style-type: none"> • Nai • Pai <i>Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros.</i>	2 2
SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR	
<i>Por cada membro da unidade familiar</i>	2
<i>Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta</i>	1
<i>No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple</i>	1
<i>Por cada membro da unidade familiar, afectado por minusvalía, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia</i>	2
<i>Por condición de familia monoparental</i>	3
<i>Por condición de familia numerosa</i>	3
<i>Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais</i>	6
<i>Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:</i>	Ata 3
SITUACIÓN RESIDENCIAL	
<i>Alumnos/as domiciliados na zona (Distrito postal)</i>	2

14(184).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE OBRA DE MANUEL RUIBAL PARA EXPOSICIÓN ANTOLÓXICA NO TEATRO FERNÁN GÓMEZ-CENTRO DE ARTE MADRID ARTE Y CULTURA S.A. EXPTE. 3881/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 22.02.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Patrimonio Histórico e presidente da Xunta Reitora do Museo Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o préstamo temporal da obra da colección de arte do museo da cidade Quiñones de León”: Manuel Ruibal Ruibal: Abstracción. Nº INV: 522, á entidade TEATRO FERNÁN GÓMEZ. CENTRO DE ARTE MADRID ARTE Y CULTURA S.A. para a exposición “RUIBAL. Pura pintura, 1963-2009 (exposición antolóxica)”, a celebrar entre o 8 de abril e o 16 de maio de 2010 en; SALA DE EXPOSICIÓN DO TEATRO FERNÁN GÓMEZ. CENTRO DE ARTE MADRID ARTE Y CULTURA S.A.

2º.- O préstamo deberá realizarse conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal; previa restauración da obra segundo proxecto relacioando no anexo adxunto.

3º.- Dar coñecemento do préstamo á Xunta Reitora do museo municipal na primeira xuntanza que se convoque.

15(185).- SOLICITUDE DE XUBILACIÓN PARCIAL FORMULADA POR D. ANTONIO AMOEDO GARCÍA. EXPTE. 19681/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.02.10, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 02/12/2009 (documento nº 90175347) o empregado público municipal D. Antonio Amoedo García, con nº de persoal 22.579, oficial conductor adscrito ao Parque Central, solicita a xubilación parcial ao abeiro do disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 67, apartado 4, que “procederá a xubilación parcial, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidos no Réxime de Seguridade Social que sexa aplicable”.

As previsións contidas no citado precepto deben ser contextualizadas consonte ao establecido na Disposición Final Cuarta da mesma norma, que difire a entrada en vigor de certos aspectos contidos na dita Lei ao momento de aprobación da normativa de desenvolvemento da mesma.

A Resolución de 5 de xuño do 2007, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, recolle as Instrucións para a aplicación do Estatuto Básico do Empregado Público no ámbito da Administra-

ción Xeral do Estado e os seus organismos autónomos –e aplicable neste Concello de Vigo por resolución do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal- establece a aplicación transitoria do disposto no artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, en relación á xubilación dos funcionarios públicos.

II.- No ámbito da Administración Local, o propio Ministerio de Administracións Públicas (MAP) en colaboración coa Secretaría Xeral para a Administración Pública e a Secretaría de Estado para a Cooperación Territorial dictou os “Criterios para a aplicación do Estatuto Básico do Empregado Público no ámbito da Administración Local” –incorporadas ao presente expediente administrativo- e en cuxo apartado 2.8 establécese expresamente que:

“La jubilación parcial de los funcionarios públicos no puede aplicarse pues exige que se lleve a cabo el desarrollo normativo correspondiente.”

Sen prexuízo do antedito, debe considerarse que o sistema de fontes aplicable ao persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas -regulado no artigo 7- preceptúa que “o persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas se rexe, ademáis de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables polos preceptos do Estatuto que así o dispoñan”. Deste xeito, debería acudir-se á lexislación laboral en canto á posibilidade de aplicación directa dun precepto únicamente previsto para os funcionarios públicos, o que a xuízo da informante parece carente de toda lóxica xurídica.

Certo é que a lexislación laboral xa preveía a posibilidade de xubilación parcial dos traballadores; pero tamén é certo que, no ámbito das Administracións Públicas, debe considerarse dende a óptica do servizo aos intereses xerais que o artigo 103 da Constitución de 1978 establece como razón de ser e finalidade última das mesmas.

III.- Neste senso, a Xurisprudencia entende inconciliable a prestación do servizo a tempo parcial coa debida prestación do servizo público; así o manifestou o Tribunal Supremo en Sentenza de 5 de febreiro de 1991, da Sala Terceira do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª (EC 891/1993) en relación á legalidade de creación de prazas a tempo parcial nas plantillas municipais. Igualmente, existe consolidada xurisprudencia negatoria da posibilidade de adopción de acordos ou disposicións susceptibles de seren adoptados polas Administracións Locais en materias como a xornada laboral –e especialmente, en canto á súa redución- ao carecer de habilitación legal ao efecto (v. entre outras a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria de 3 de xullo do 2007, dictada no recurso nº 163/2005; Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do Principado de Asturias do 24 de maio de 1999; Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidad Valenciana do 25 de xullo do 2007).

Aos efectos de conciliar a debida prestación do servizo coas esixencias impostas pola normativa vixente en materia de Seguridade Social en canto á obrigada redución da xornada laboral do traballador que se xubile parcialmente e a conseguinte formalización dun contrato laboral de relevo nos termos do disposto no real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, e considerando os criterios xurisprudenciais referenciados, podemos concluir a inviabilidade xurídica de autorización da xubilación parcial solicitada, por non dispoñer a Administración Local de título competencial habilitante nin potestade legal aos efectos de determinar a preceptiva redución da xornada laboral esixida polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade

Social, alomenos ata que polo lexislador estatal non se proceda á delimitación -ou habilitación legal específica- das competencias das Entidades Locais en tal aspecto.

IV.- Vistos os antecedentes e fundamentación expostas, e en atención ás comeptencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á xestión do persoal, contidas no artigo 127.1.g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a solicitude de xubilación parcial formulada polo empregado público municipal D. Antonio Amoedo García, con nº de persoal 22.579, oficial conductor adscrito ao Parque Central, en escrito de data 02/12/2009 (documento nº 90175347) en atención aos fundamentos xurídicos expresados no informe que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Xefe/a do Servizo, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social e Planificación e Organización) aos efectos oportunos, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(186).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO-2010. EXPTE. 19662/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 11.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Desinfección	xaneiro	De Pereiro Alonso, Manuel Antonio a Sousa Atrio, José Manuel	241,20	217,60	458,80
I.M.D.	xaneiro	De Rial Estevez, Francisco a Rodríguez Presas, Julio	145,36	0,00	145,36
1ª Tenencia Alcaldía	xaneiro	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	209,04	81,60	290,64
Alcaldía	xaneiro	De Costas Fernández, Basilio a Fontán	598,98	78,88	677,86

		Balbuena, Camilo			
Alcaldía	xaneiro	De Abalde Comesaña, Raquel	174,87	0,00	174,87
Bombeiros	xaneiro	De Abreu Torres Francisco J. a Villaverde Veleiro Jose B	31.243,44	17.791,52	49.034,96
Cemiterios	xaneiro	De Alfonso Sanmartin Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	2.768,84	0,00	2.768,84
Limpeza	xaneiro	De Hermida Sanmartin Juan Jose	237,18	372,64	609,82
Parque Central	xaneiro	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, Jose Antonio	1.262,28	758,88	2.021,16
Montes, Parques e Xardíns	xaneiro	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis	1.849,20	777,92	2.627,12
Conserxeria	decem/Xan	De Vaqueiro Herbello, Mª Teresa	52,21	0,00	52,21
Parque Móbil	xaneiro	De Comesaña Davila, José A. a Vulcano Ferreyra J. Genaro	1.011,03	995,52	2.006,55
Electromecánicos	decem/Xan	De Arias Rodríguez, Dámaso	100,40	494,27	594,67
Cultura	setem/Dece	De Vázquez Martínez, Ramón	112,28	0,00	112,28
Vías e Obras	xaneiro	De Amoedo Mosquera, José Luis a Martínez Barreiro, José M.	120,60	0,00	120,60
Biblioteca Central	xaneiro	De Ogando López, José M. A González Bello, Andrés	262,31	0,00	262,31
TOTAL			40.389,22	21.568,83	61.958,05

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 61.958'05 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

17(187).- PROPOSTA DE ACORDO DE RECTIFICACIÓN ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 2.2.2010 SOBRE ABOAMENTO EN CONCEPTO DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS QUE TRABALLARON OS DÍAS 24, 25 E 31 DE DECEMBRO DE 2009 E 1 DE XANEIRO DE 2010. EXPTE. 19687/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 12.02.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Único.- En sesión de data 2 de febreiro do 2009 (expediente administrativo nº 19.617/220) a Xunta de Goberno Local acordou aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios do persoal dos distintos servizos que traballaron os días 24, 25, 31 de decembro de 2009 e 1 de xaneiro de 2010. En dito acordo e en relación co informe-proposta de data 20 de xaneiro de 2010 do servizo de Recursos Humanos, figura a relación dos servizos que prestaron dicho servizo, por error o servizo do Parque Central figura coa cantidade de 909'15 € cando en realidade vería figurar coa cantidade de 1.039'04 €, o que supón tamen a variación do importe total que pasaría a ser de 29.487'14 €.

Detectado erro por inclusión de dato incorrecto, procede rectificar o mesmo.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro por inclusión de dato incorrecto detectado no acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en data data 2 de febreiro de 2010 (expediente administrativo nº 19.617/220) sobre abono en concepto de gratificación por servizos servizos extraordinarios do persoal dos distintos servizos que traballaron os días 24, 25, 31 de decembro de 2009 e 1 de xaneiro de 2010, quedando redactado da seguinte forma:

“Recoñecer e aboar ó persoal que figura nas relacións que a continuación se indican as cantidades que figuran para cada un deles e que ascende a un total de 29.487'14 €, por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2008 e 1 de xaneiro de 2009.

SERVIZO	RELACIÓNS	IMPORTE
CEMITERIOS	De Jesús Álvarez Lago a Delmiro Vilanova Acuña	2.078'40 €
BOMBEIROS	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	6.235'20 €
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	De Luis González Martínez a Joaquín Domínguez Casales	779'40 €
POLICIA LOCAL	De Francisco José Airabella Marra a Fernando Villa Aqulla	19.355'10 €
PARQUE CENTRAL	De Emilio Aira Pereiro a Alfonso Rodríguez Leirós	1.039'04 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(188).- PRODUTIVIDADE DE AVELINO SAN LUIS COSTAS - 4º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19657/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 28.01.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ao funcionario municipal D^a Avelino San Luis Costas, con n de persoal 9900 e DNI 35946375C, Xefe de Relacions Publicas e protocolo, un complemento de produtividade segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Productividade, por importe de 2195.56 €.

2º.- Aprobar e comprometer o pago da catidade de 2195.56€ en concepto de produtividade a favor do funcionario municipal D^a Avelino San Luis Costas, con n de persoal 9900 e DNI 35946375C , con cargo a partida orzamentaria 12101500000.

Dese traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

19(189).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2010. EXPTE. 19672/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de XANEIRO-2010, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

20(190).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE LIMPEZA E CIRCULACIÓN VIARIA CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19673/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal dos servizos de Limpeza e Circulación Viaria aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, as cantidades que figura na relacións que se achegan no expediente, por un importe total de 670'63 € correspondentes ó 4º trimestre de 2009 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

21(191).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR SERVIZOS PRESTADOS POR XORNADA PARTIDA POLO PERSOAL DO SERVIZO DE

CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2010. EXPTE. 19671/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 28.01.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Xaneiro-2010, e que ascenden a un total de 1.016'40 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

22(192).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE O PERSOAL DO PARQUE MOBIL CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2010. EXPTE. 19670/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 19.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertederos incontrolados da Cidade, a cantidade que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por don Antonio Amoedo García e remata por don Florentino Prieto Domínguez que ascende a un total de 117'91 euros, correspondente ao mes de Xaneiro de 2010 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

23(193).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2010. EXPTE. 19669/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.02.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 12.02.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan no expediente e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de XANEIRO-2010 e que ascenden a un total 733'20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES

EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

24(194).- SOLICITUDE DE PERMISO NON RETRIBUÍDO DE DOCE MESES A D. JUAN PABLO ALONSO RODRÍGUEZ. EXPTE. 19693/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.02.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D. Juan Pablo Alonso Rodríguez (núm. persoal 18218 e NIF 36.075.555-D), policía local, un permiso non retribuído de doce meses de duración que comezará o día 3 de marzo de 2010 e finalizará o 2 de marzo de 2011, debendo incorporarse o seu posto de traballo o día seguinte (3 de marzo de 2011), de conformidade co previsto no art. 17 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos pessoais e pagas extraordinarias.

25(195).- DENUNCIA DE RESOLUCIÓN CONTRACTUAL PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ESPERANTO E INDEMNIZACIÓN DE DANOS E PREXUÍZOS. EXPTE. 54649/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.02.10, o informe de fiscalización, do 15.02.10, dáse conta do informe-proposta do asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, do 18.02.10, conformado pola concelleira delegada de dita Área, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello 7 de outubro pasado, D. Miguel Ángel Álvarez Álvarez, “Constructora Galega”, formula “denuncia de resolución contractual e indemnización de danos e prexuizos” a través da cal e en base aos feitos e fundamentos de dereitos contidos na mesma finaliza solicitando ao Concello:

“a).- A resolución do contrato asinado entre o denunciante e o Concello de Vigo en data 27 de agosto de 2008 e do seu modificado de 22 de xaneiro de 2009, para a execución das obras de humanización da rúa Esperanto.

b).- Que se lle indemnice polos danos e prexuizos causados na cantidade de 404.679,33 euros máis os intereses que legalmente procedan, cantidade da que deben descontarse os importes das certificacións de obra nº 1 e 2 xa abonadas ao denunciante”.

En relación coa dita solicitude e tralos informes da Asesoría Xurídica Municipal de data 8 de febreiro de 2010 e da Intervención Xeral de data 15 de febreiro seguinte, emétese o presente informe:

Sobre a resolución do contrato.

O denunciante solicita a resolución do contrato en base aos seguintes preceptos:

A).- Ao amparo do artigo 149 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no sucesivo, L.C.A.P.), vixente na data de publicación da convocatoria do concurso (B.O.P. de 23 e D.O.G. de 28 de abril 2008) .

O fundamenta concretamente nas causas comprendidas nas letras c), d) e e) do referido precepto, que se refiren a:

c).- O desestimento ou a suspensión das obras por un prazo superior a 8 meses acordada pola Administración.

d).- Os erros materiais que poida conter o proxecto ou presuposto elaborado pola Administración que afecte ao presuposto da obra, alomenos nun 20%.

e).- As modificacións no contrato, aunque foran sucesivas, que impliquen, aislada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato, en contía superior, en máis ou menos, ao 20% do prezo primitivo do contrato, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, ou representen unha alteración sustancial do proxecto inicial.

B).- Tamén no seu artigo 99.6 que establece que si a demora -no pago – da Administración fose superior a 8 meses o contratista terá dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia disto se lle orixinen.

Sen embargo a normativa de aplicación a esta solicitude de resolución contractual será a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (no sucesivo, L.C.S.P.), xa que a súa disposición transitoria 1ª.2 establece que só os contratos administrativos adxudicados antes da entrada en vigor da Lei rexeranse en canto – entre outros aspectos – a súa extinción, pola normativa anterior. Como neste caso o contrato foi adxudicado o 4 de xullo de 2008 e a entrada en vigor da Lei prodúxose o 31 de abril anterior, seralle de aplicación a L.C.S.P., concretamente e ao tratarse dun contrato de obras, o seu artigo 220, que en todo caso mantén as mesmas previsións na materia que a L.C.A.P.

Do expediente resulta que as obras estiveron paralizadas polo Concello dende o 19 de setembro de 2008 ata o 7 de xaneiro de 2009 e dende o 9 de abril de 2009, continuando na actualidade. Polo tanto, durante máis de 8 meses.

Tamén o contrato foi adxudicado por un prezo de 55.219,38 € e un prazo de execución de un mes e que posteriormente aprobouse un modificado por importe de 68.737,95 €, sen modificación do prazo, o que supón un incremento do prezo primitivo do contrato do 124,48%.

En canto á causa da letra d) que alega, debe rexeitarse xa que o proxecto e o presuposto non adolecen de erros materiais, tendo en conta que o primitivo proxecto redactouse descoñecendo a existencia dun garaxe con graves deficiencias constructivas no subsolo da rúa, polo que era axeitado para o que se pretendía, que non era outra cousa que a pavimentación da mesma con pavimento de formigón impreso e outras unidades vinculadas ao referido obxecto principal, e foi só cando se tivo coñe-

cemento da existencia do garaxe que tivo que aprobarse un modificado para incluír obras distintas das orixinariamente previstas.

O mesmo cabe dicir da causa prevista no artigo 99 – actual artigo 200 da L.C.S.P. –, xa que en relación con esta obra emitíronse polo contratista 3 facturas: a 1ª con entrada en Rexistro Xeral 3 de febreiro de 2009, pagada o 8 de maio seguinte; a 2ª con entrada en dito Rexistro o 26 de marzo de 2009 e aboada o 21 de maio seguinte; e a última con entrada no Rexistro o 4 de maio de 2009 e pendente de abono. Polo tanto non transcurriu en relación con ningunha delas o prazo de 8 meses entre a presentación e o abono, para que concorra a causa que invoca.

Por isto concorren neste caso só as causas previstas nas letras c) e e) do artigo 220 da L.C.S.P. para a resolución do contrato.

Ao concorrer máis dunha causa deberá optarse como fundamento da resolución según reiterada doutrina do Consello de Estado (dictamen nº 74, de 25 de maio de 1995 por todos eles), pola prioritariamente aparecida no tempo que neste caso é a do apartado e): “as modificacións no contrato, aunque foran sucesivas, que impliquen, aislada ou conxuntamente, alteracións do prezo do contrato, en contía superior, en máis ou menos, ao 20% do prezo primitivo do contrato, con exclusión do imposto sobre o valor engadido, ou representen unha alteración sustancial do proxecto inicial”.

Por isto o Órgano de Contratación – a Xunta de Goberno Local – ao amparo do previsto na disposición adicional segunda.3 en relación co artigo 208 da L.C.S.P. deberá acordar a resolución do contrato que posteriormente dará lugar á liquidación da obra que deberá conter a comprobación, medición e valoración das realizadas con arranxo ao proxecto e que estean en condicións de ser recibidas, fixando os saldos pertinentes a favor ou en contra do contratista. Tamén calquera outra que por causa xustificada tivera executado á marxe do proxecto. Por último e neste caso para a resolución no seu momento da reclamación de danos e prexuízos, a relación valorada das obras do proxecto pendentes de executar.

En canto ao procedemento para a valoración de conformidade co previsto no artigo 163 e seguintes en relación co 172 do Regulamento da L.C.A.P., será o seguinte:

a).- O Director da Obra formulará a proposta de liquidación ao Órgano de Contratación nos termos antes indicados.

b).- Para isto procederase á medición da obra executada en presenza do contratista que será citado ao efecto. Da medición levantarase a correspondente acta por triplicado que asinarán o contratista e o Director de Obra, retirando cada un deles un exemplar e remitindo o terceiro ao Órgano de Contratación acompañando á liquidación. Se o contratista non tivera asistido á medición remitiráselle unha copia para que no prazo de 5 días preste a súa conformidade ou efectúe os reparos que estime oportunos. Se a reparase, o seu escrito xunto co informe da Dirección en relación co mesmo remitirase ao Órgano de Contratación.

c).- O Órgano de Contratación aprobará a liquidación .

d).- O acordo de resolución do contrato e o da aprobación da liquidación remitiranse conxuntamente ao contratista, ofrecéndolle contra eles os recursos que legalmente proceden.

Para rematar este apartado do informe e de conformidade co previsto no artigo 208 da L.C.S.P. o acordo de resolución do contrato deberá conter pronunciamento expreso acerca da procedencia, ou non, da perda, devolución ou cancelación da garantía.

Neste caso consideramos que corresponde a devolución unha vez aprobada a liquidación da obra e, se o saldo resultara en contra do contratista, o ingreso polo mesmo da cantidade debida.

Por último indicar que de conformidade co informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 8 de febreiro pasado en base ao artigo 222.4 da L.C.S.P., a contía da indemnización será o 6% do importe das obras que están sin executar consonte ao proxecto .

Sobre a indemnización por danos e prexuízos.

Polo exposto ata o de agora, a petición deberá quedar pendente ata que o contrato se resolva, a liquidación se aprobe e a dirección das obras informe sobre as obras pendentes de executar según o proxecto e as valore e , no seu caso, determine tamén si se executaron obras á marxe das contratadas, se relacionen e tamén se valoren.

Por todo isto o funcionario que subscribe PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

1º.- Resolver o contrato suscrito con D. Miguel Ángel Álvarez Álvarez, “ Constructora Galega “, con data 22 de agosto de 2008 e o seu modificado de data 22 de xaneiro de 2009, para a execución das obras de humanización da rúa Esperanto, pola causa prevista no artigo 220 do apartado e) da L.C.S.P.

2º.- De conformidade co previsto no artigo 222 da L.C.S.P., ordear ao Sr. Director da Obra que proceda a formular proposta de liquidación da obra executada consonte ao proxecto e pendente de certificar; así como relación valorada das obras pendentes de execución según o proxecto e, no seu caso, doutras que puideran terse executado á marxe do mesmo, relacionándoas , valorándoas e xustificando os motivos a que obedecen, fixando os saldos a favor e en contra do contratista. A liquidación farase de conformidade co previsto no artigo 163 e seguintes en relación co 172 do R.L.C.A.P. Para as obras incluídas no proxecto e pendentes de executar a contía da indemnización será do 6% do seu importe.

3º.- Declarar a procedencia da devolución da fianza constituída no seu día polo contratista cando se aprobe a liquidación e se o saldo da mesma lle resultase en contra, tivera devolta a cantidade que proceda.

4º.- Deixar pendente a resolución da petición de indemnización por danos e prexuízos de que se aprobe a liquidación da obra e se coñeza a relación valorada das obras pendentes de execución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(196).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A DECORACIÓN, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES S.A.U CONSTITUÍDA POR PERMISO DE CIRCULACIÓN NA VÍA SANTIAGO, 11. EXPTE. 60773/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse ocnta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 17.02.10, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral de 01/02/2010 Decoración, Instalaciones y Construcciones, S.A.U. (Dicsa) . con C.I.F. A36011047 solicita a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal con data 27/01/2010 número de operación 201000002921 do concepto non orzamentario 70200 e importe de 12.000 €, motivado polo permiso de circulación na vía Santiago, 11.

No informe de inspección de data 16/02/2010, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedaron en perfectas condicións.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 12.000,00 € (doce mil euros), a favor de Decoración, Instalaciones y Construcciones, S.A.U. (Dicsa) .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(197).- MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL DA RÚA ANDURIÑA. EXPTE. 176/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 18.02.09, conformado polo xefe de Área de Servizos Xerais e pola concelleira delegada de dita Área, que di o seguinte:

A Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia ven de conceder ao Concello de Vigo a finais do ano 2009 a execución dun asfaltado da rúa Anduriña, que se executará previsiblemente no mes de abril-maio; por este motivo, e de cara a mellorar os servizos prestados aos cidadáns da citada rúa, prantéxase a mellora na rede de saneamento municipal previa ao dito asfaltado.

A continuación solicitouse á empresa Aqualia a realización dunha memoria valorada para a execución de dita obra, presentando con data 9 de febreiro un presuposto estimado de 10.411,08 € (IVE excluído). No presuposto vixente non se contempla partida presupostaria para executar estas obras, pero, na conta de ingresos de acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais que xestiona a empresa concesionaria do servizo “Aqualia”, sí existe actualmente crédito suficiente para dar cobertura a esta obra, según informe do xefe do servizo de investimentos de data 17 de febreiro.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1º.- Que se aprrobe a Memoria Valorada presentada pola empresa Aqualia con data 9 de febreiro para executa-las obras de mellora da rede de saneamento da rúa Anduriña, cun presuposto total de 10.411,08 €, sen IVE engadido.

2º.- Que se adxudique a execución de ditas obras á “Aqualia”, empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 10.411,08 € (sen IVE) e con cargo ao saldo da “Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo, según informe do xefe do servizo de investimentos de data 17 de febreiro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(198).- MODIFICADO “CUSTE CERO” DO PROXECTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO CALVARIO. FASE 2. RÚA CRISTO. EXPTE. 57617/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da OSPPIO, do 24.02.10, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 23 de outubro de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, adoitou o acordo de adxudicar o expediente 57.617/250 do Proxecto das obras de Humanización do entorno do Calvario. Fase 2. Rúa Cristo, á UTE Oresa-Hidroestructuras.

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantéxase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

Dacordo co informe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 24 de febreiro, estas variacións consisten principalmente en:

- Substitución do pavimento de calzada de pedra gris Mondariz 60x40x12 cm por mezcla bituminosa D-12 de 4+4 cm.

Inclusión de bordo biselado de separación entre beirarrúa e calzada

- Realización de excavación manual e en mina para a execución das redes de abastecemento e saneamento.
- Instalación de 36 xardineiras en altura, ademáis de 9 m de xardineira de pedra, co seu rego correspondente.
- Execución do calexón de Cristo con pavimento de loseta gris Mondariz 40x40x6 cm con todos os seus servizos soterrados (rede de pluviais, residuais, abastecemento e alumado).

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e propónse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- *Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “coste cero” do proxecto inicial de Obras de Humanización do Entorno do Calvario. Fase 2. Rúa Cristo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(199).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ACTUACIÓN NA RÚA MAESTRO ALFREDO”. EXPTE. 1177/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29.01.10, asinado polo enxeñeiro técnico de Obras Públicas e o xefe da Área dos Servizos Xerais, que di o seguinte:

Obra: ACTUACIÓN NA RÚA MAESTRO ALFREDO GONZÁLEZ

Localidade e situación: RÚA MAESTRO ALFREDO GONZÁLEZ

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autora do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.

Coordinadora de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autora do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS. DNA. TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ

Autora do plan de seguridade e saúde no traballo: CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., D. JOSÉ FONTENLA MANTÍNEZ

Coordinadora de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: DNA. CRISTINA HERMIDA TRASANCOS (APPLUS NORCONTROL) Titulación: ENXEÑEIRA TÉCNICA FORESTAL

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

